



Ref.: JCVV / ECV / srn

Memoria xustificativa

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA (COMISIÓN FULBRIGHT) PARA A INCORPORACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA FULBRIGHT PARA O CURSO 2020/21.

Título da norma

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA (COMISIÓN FULBRIGHT) PARA A INCORPORACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA FULBRIGHT PARA O CURSO 2020/21.

Ao abeiro do establecido no punto cuarto, f) da resolución da Consellería de Economía e Facenda do 08 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares así como da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, expoño os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos que se pretenden co convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante, a Consellería) e a Comisión Fulbright (en diante, a Comisión) para a incorporación de auxiliares de conversación Fulbright para o curso 2020/21.

Antecedentes

A Consellería, consciente da importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras para os cidadáns e cidadás de Galicia, e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras, ao abeiro do Decreto 79/2010, que establece como unha das liñas para favorecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos o apoio dos auxiliares de conversa. Logo deste primeiro impulso representado polo Plan de 2010/2011, resulta preciso seguir incidindo na mellora e extensión dos beneficios derivados da estratexia de plurilingüismo. Neste contexto o goberno galego impulsa á Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras “Edulingüe2020” como o instrumento que permita un novo impulso na aprendizaxe das linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia e, polo tanto, redunda na súa calidade. Un novo impulso tanto cualitativo, coa mellora da formación do alumnado e do profesorado e a extensión do proxecto á comunidade educativa; como cuantitativo, mediante a universalización do proceso coa pretensión de alcanzar o 100% do alumnado das etapas obrigatorias como beneficiarios; sendo un dos eixos de dita estratexia a ampliación do número de auxiliares de conversa ten aportado un valor substancial a mellora dos procesos. Resulta importante seguir





garantindo a dispoñibilidade destas persoas de apoio que consolidan os proxectos e ampliar os seus horario e perfís xa que aumentou de forma exponencial o número de alumnado beneficiario.

A Comisión estableceuse en España en 1958 por acordo executivo entre os dos países, e está formada por representantes dos dous países e copresidida por un alto cargo do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e outro da Embaixada de Estados Unidos en España.

Ao abeiro do Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América en materia de cooperación educativa, cultural e científica asinado no ano 1994, e conscientes as partes asinantes da importancia da colaboración para contribuír á aprendizaxe da lingua inglesa e do intercambio cultural que comporta, ambas institucións propóñense cooperar na selección de auxiliares de conversa Fulbright, coa formación óptima para darlle apoio á Consellería nos seus programas plurilingües vinculados á Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras “Edulingüe2020”.

Con data 14 de xuño de 2018 asinouse o Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright que pretendía dar un novo impulso ao convenio previo vixente nos cursos 2016/2017 e 2017/2018. Estivo vixente durante os cursos 2018/2019 e 2019/2020.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e da actividade do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Polo tanto, resulta preciso establecer un novo convenio onde as condicións de colaboración, en particular a duración e o financiamento, se vexan modificados con respecto a anteriores convenios tendo en conta a situación actual xerada pola epidemia do coronavirus COVID-19.

Razóns de oportunidade

A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo establecido no Preámbulo da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) que apoia decididamente o plurilingüismo, redobrando os esforzos para conseguir que os estudantes se desenvolvan con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita resulta decisivo para favorecer a empregabilidade e as ambicións profesionais, e a incorporación curricular dunha segunda lingua estranxeira. Asemade continuase adquirindo un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea que fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo. Ademais, correspóndelles ás administracións educativas procurar os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo da aprendizaxe de linguas estranxeiras.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Obxectivos perseguidos

A finalidade do convenio é:

- Por unha parte, establecer os termos da cooperación entre as dúas entidades para a selección e provisión de corenta (40) auxiliares de conversa estadounidenses que lles presten apoio aos programas que desenvolva a Consellería vinculados á implementación da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras “Edulingüe2020” ao longo do curso académico 2020/21.
- Por outra parte, adecuar as condicións de desenvolvemento (datas e financiamento) de dita cooperación á situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-19.

Polo tanto, mediante o convenio que se presenta, trátase de axustar as condicións de desenvolvemento da cooperación coa Comisión Fulbright ás circunstancias xeradas pola pandemia do coronavirus COVID-19 sen prexuízo do obxecto do convenio previamente en vigor, é dicir a selección e provisión de corenta (40) auxiliares de conversa estadounidenses para dar apoio aos programas plurilingües vinculados á Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras “Edulingüe2020” durante o curso 2020/2021.

Santiago de Compostela, 03 de xullo de 2020

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

